



Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se actualiza a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Ferrol

Antecedentes

1. O 18.06.2025 esta dirección territorial ditou resolución pola que se actualiza a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Ferrol.

2. O 13.03.2026, con rexistro de entrada número 2026/748187, o 14.03.2026, con rexistro de entrada número 2026/762911, o 20.03.2026, con rexistro de entrada 2026/826769 e o mesmo día con rexistro de entrada número 2026/834846, as persoas armadoras das embarcacións LUCIA (CFPO: 52741), REPOLO (CFPO: 56867), GARZA (CFPO: 56708) e MARIA DEL CARMEN (CFPO: 57091), respectivamente, presentan solicitudes de inclusión destas embarcacións na citada lista aberta.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. No punto 4 do artigo 39 da Orde do 30 de decembro de 2015, establécese que as listas estarán abertas permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición.

3. As embarcacións admitidas están incluídas no plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Ferrol e cumpren os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico percebe (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).

4. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co establecido no anexo I (epígrafes A e C) da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020. Este baremo inclúe ou outorgamento de cinco (5) puntos para as embarcacións que contén cunha (1) soa cota de captura.

5. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha nova solicitude de





inscripción na lista ao obxecto de actualizar os méritos para a nova persoa armadora no momento en que se autorice a transmisión do permiso de explotación.

6. Esta dirección territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Actualizar a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores Ferrol e publicala, xunto coa a puntuación provisional das embarcacións, no Anexo I desta resolución.

2. Contra a puntuación provisional das novas embarcacións incluídas (LUCIA VI-4 5521, REPOLO FE-4 2-93, GARZA VI-5 10129 e MARIA DEL CARMEN FE-4 1863) as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución, ante a Dirección Territorial da Coruña da Consellería do Mar. As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de ser o caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

A presente resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro da xefatura comarcal da Consellería do Mar de Ferrol e da confraría de pescadores de Ferrol.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Ferrol consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
María José Cancelo Baquero





ANEXO I: Lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de Percebe da Confraría de pescadores de Ferrol

Embarcación	Matrícula Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional persoa armadora C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
LUCIA*	VI-4 5521	5,00	0,00	3,00	8.00
MARIA DEL CARMEN*	FE-4 1863	5,00	0,00	3,00	8.00
GARZA	VI-5 10129	5,00	1,20	1,00	7.20
LOLITA*	VI-3 1973	5,00	0,00	0,00	5.00
MOU*	FE-4 1-17	0,00	3,00	2,00	5.00
REPOLO*	FE-4 2-93	5,00	0,00	0,00	5.00
SANDRA	FE-4 3063	0,00	4,00	0,00	4.00
ARTABRA	FE-4 3056	0,00	1,80	1,00	2.80
LEONOR	FE-4 1340	0,00	2,00	0,00	2.00
ANA MARIA	FE-4 2310	0,00	0,00	0,00	0.00

*Para as embarcacións que figuran empatadas con 8,00 e con 5,00 puntos, a orde na que se amosan é simplemente alfabética e non supón ningunha prioridade. No caso de ser necesario, previamente a unha oferta de cotas ás ditas embarcacións, o empate resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

- **TOTAL:** puntos acadados en total.
- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**
- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**
Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeira (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase nos 2 anos anteriores á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.
- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira.**
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.
 - Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos, Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase o ano natural inmediatamente anterior á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

